

## XLIII FESTA DO MARISCO

O alcalde do Grove, Miguel Pérez, presentou onte o resultado dun traballo de investigación e recollida da toponimia local, que se realizou ó abeiro dun proxecto financiado pola Xunta de Galicia e que permanecerá exposto ó público ata o vindeiro

15 de outubro no local de actividades da Travesía do Corgo. Este proxecto facilitou a recuperación da maior parte do patrimonio lexicográfico da localidade, "o que supón un motivo de satisfacción para a nosa institución", salientou o rexedor. A

secretaria xeral de Política Lingüística, María Sol López, reiterou que "é a nosa obriga dispor que os mecanismos necesarios para a recuperación deste riquísimo patrimonio". O delegado de Medio Rural amosou, tamén, o seu apoio á iniciativa.



A secretaria xeral de Política Lingüística, o delegado provincial de Medio Rural e o rexedor meco presentaron "Toponimia do Grove". Exponen 90 bonecas vestidas con traxes típicos.



## O Concello meco recupera a maior parte do seu patrimonio lexicográfico

**Pérez inaugurou, xunto cos representantes da Xunta, a exposición sobre toponimia local**

C.SANTISO > O GROVE

■ A secretaria xeral de Política Lingüística, María Sol López, felicitou ao Concello do Grove por ser dos primeiros 100 municipios que se adhieren ao Proxecto de Toponimia de Galicia e acada, nun período de tres anos, "tan bons resultados na súa primeira e máis importante fase de execución". A través desta iniciativa o Goberno local logrou recuperar a maior parte do seu patrimonio lexicográfico, polo que garantiza a súa conservación e protección ante a ameaza de factores externos, como a evolución, o crecimiento demográfico e o desenvolvimento urbanístico, segundo indicou profesor da Universidade de Vigo e membro da Comisión de Toponimia da Xunta de Galicia, Gonzalo Navaza. O alcalde do Grove, Miguel Pérez, inaugurou a mostra dedicada á toponimia local que se poderá visitar no centro de actividades extraescolares do Concello, situado na Travesía do Corgo, 2. Pérez afirmou que "os nomes dos nosos lugares son motivo de curiosidade para os que nos visitan e orgullo e simpatía para os que aquí vivimos". Ademais, rendeu unha sentida homeaxe ás persoas que hai tres anos iniciaron este proxecto.


Navaza insistiu en que os nomes dos lugares son "documentos

históricos, monumentos, patrimonio da humanidade".

Igualmente, destacou que "hai poucos sitios en Europa que teñan tanta riqueza cultural como os nosos concellos".

**Apoio de Medio Rural** > Pola súa banda, o delegado provincial de Medio Rural, Gonzalo Constenla, asegurou que "o noso departamento está a facer un grande esforzo na recuperación da microtoponimia en agros e previos, que, por efectos da concentración parcelaria, tenden a desaparecer". Constenla deu os seus parabéns ao Concello do Grove por ter participado activamente nesta iniciativa e insistiu en que a Consellería estaba comprometida coa recuperación e conservación da toponimia "como metáfora do valor que ten o espacio rural para nós e polo valor simbólico que adquire, xa que, dalgunha maneira, ai residen as raíces da nosa nación".

Quen visite esta exposición poderá descubrir cousas apaixonantes como a orixe do topónimo do Concello, que se sitúa nun poboado celta, coñecido como "Os Grovios", que tiñan o seu principal asentamento na vila de Tui. Nos paneis explicativos pódense distinguir millores de nomenclaturas que fican na memoria dos



A Confraría do Grove acolle unha mostra sobre artes de pesca.

### OTRAS CITAS

Maruxa Rodríguez presenta unha colección de 93 bonecas vestidas cos traxes típicos de Galicia

maiores, principais inspiradores deste proxecto. O rexedor meco anunciou que o mostra percorrerá as Casas da Cultura da localidade de a Casa da Terceira Idade. La se-

cretaria xeral de Política Lingüística indicou que "a Administración debe poñer a disposición todos os mecanismos necesarios para preservar este patrimonio".

**Galicia en miúdo** > Por outra banda, o centro de actividades "Contempo" acolle unha mostra de 93 bonecas vestidas cos traxes típicos de Galicia, elaborados por Maruxa Rodríguez.

Con esta exposición preténdese ofrecer unha ampla visión do folclore galego.

### LAS POSICIONES

#### DEGUSTACIÓN

#### Superan las 8.000 raciones de marisco

■ En el segundo día del certamen gastronómico se vendieron más de 8.000 raciones de marisco. Como siempre, el arroz, el pulpo, las vieiras y cigalas cocidas y a la plancha son las especialidades que más triunfan. El ambiente festivo aumenta el fin de semana.

#### MÁS ACTOS

#### Gomaespuma le o pregón das festas

■ Guillermo Fesser e José Luis Cano, o dío Gomaespuma, len hoxe, ás 13 horas, o pregón da Festa do Marisco. O acto será na praza do Corgo e estará amenizado polos grupos folclóricos Paradanda Mecos y Parada D'Gatim. A las 22:00 actua A Roda.

#### PESCANATUR

#### Exposición de artes de pesca na Confraría

■ A Confraría "San Martiño" acolle ata o dí 15 unha completa exposición de artes de pesca e marisqueo, no marco do proxecto Pescanatur. Nasas feitas a man, rastros, bicheiros, salabardos ou sachos poden contemplarse na Aula do Mar en horarios de mañá e tarde.